MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA E ORZAMENTOS

DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO

# Declaración Catastral

## Nova construción, ampliación, reforma ou rehabilitación de bens inmobles

MODELO **902N**

(1) DELEGACIÓN DE ECONOMÍA E FACENDA EN .....

CONCELLO DE .....

## A. OBXECTO DA DECLARACIÓN (Marque o recadro ou os recadros que correspondan)

☐ Nova construción ☐ Ampliación ☐ Reforma / rehabilitación

Poderán declararse simultaneamente neste modelo as divisións horizontais e as adquisicións da propiedade relacionadas coas devanditas alteracións. De ser o caso, marque o recadro ou os recadros que correspondan.

☐ División horizontal ☐ Modificación na titularidade

## B. IDENTIFICACIÓN CATASTRAL DO INMOBLE OU DOS INMOBLES

Cubra os datos identificativos do ben inmoble orixinario (o existente antes da alteración declarada). Se a declaración se refire a máis dun ben inmoble orixinario, empregue tantos exemplares do impreso "ANEXO Relación de bens inmobles" como necesite para identificalos.

CLASIFICACIÓN DO BEN INMOBLE

☐ URBANO ☐ RÚSTICO ☐ DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS

| (2) REFERENCIA CATASTRAL | (3) NÚCLEO URBANO |
|---|---|
| | |

| VÍA PÚBLICA | NÚMERO OU PUNTO QUILOMÉTRICO | BLOQUE | ESCALEIRA | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| POLÍGONO (só para inmobles rústicos) | PARCELA (só para inmobles rústicos) | SITIO (só para inmobles rústicos) |
|---|---|---|
| | | |

Especifique o número de bens inmobles de cada clase resultantes (os existentes despois da alteración ou das alteracións declaradas).

☐ Nº de inmobles urbanos ☐ Nº de inmobles rústicos ☐ Nº de inmobles de características especiais

## C. IDENTIFICACIÓN DO DECLARANTE

Se actúa como representante do obrigado a declarar, marque este recadro ☐

| APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL | NIF |
|---|---|
| | |

| VÍA PÚBLICA | NÚMERO | BLOQUE | ESCALEIRA | ANDAR | PORTA | TELÉFONO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |

| (3) NÚCLEO URBANO | CONCELLO | PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL |
|---|---|---|---|
| | | | |

ESPACIO RESERVADO PARA A ETIQUETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL

(1) Consignarase a Delegación de Economía e Facenda así como o concello que corresponda, en función da localización dos bens inmobles.

(2) Consignarase a referencia catastral do ben inmoble. Este dato poderase atopar na Oficina Virtual do Catastro (http://ovc.catastro.meh.es), no último recibo xustificante do pagamento do imposto sobre bens inmobles, na escritura pública ou no documento en que se acredite a alteración ou en calquera notificación do Catastro referente a este ben inmoble.

(3) Consignarase, de ser o caso, o núcleo de poboación: pedanía, concello agregado, parroquia, aldea, etc.

O ASINANTE, DE ACORDO CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 13 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO CATASTRO INMOBILIARIO, FORMALIZA A PRESENTE DECLARACIÓN, CUXO CONTIDO SE ESTENDE A TODOS OS DATOS DE RELEVANCIA CATASTRAL QUE FIGUREN NA DOCUMENTACIÓN ACHEGADA.

SINATURA DO DECLARANTE

De conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os seus datos se incorporarán á base de datos catastral co obxecto de exercitar as funcións propias da Dirección Xeral do Catastro e só se cederán a terceiros nos casos e coas condicións previstas na lei. Poderá solicitar o acceso, a rectificación e a cancelación dos seus datos ou opoñerse ao seu tratamento ante o xerente ou o subxerente do Catastro.

EN ..... O ..... DE ..... DE .....

EXEMPLAR PARA A ADMINISTRACIÓN

## DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Deberanse achegar os seguintes documentos, segundo os casos que se especifiquen (sinale os recadros correspondentes aos documentos achegados):

**En todo caso:**

☐ 1.-De non dispor da etiqueta de identificación fiscal, fotocopia cotexada do documento expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria para a constancia do número de identificación fiscal (NIF) do declarante, ou do seu documento nacional de identidade (DNI) ou, de ser o caso, do documento oficial en que conste o seu número de identificación de estranxeiro (NIE). Nos supostos en que a declaración se presente nas xerencias ou nas subxerencias do Catastro ou nas entidades que teñan subscrito coa Dirección Xeral do Catastro un convenio para a tramitación da devandita declaración, abondará con amosar calquera dos anteditos documentos ante o funcionario do correspondente rexistro administrativo.

☐ 2.-Orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, da escritura de obra nova, no caso de que se outorgase este documento.

☐ 3.-Orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, do certificado final da obra, visado polo colexio profesional correspondente, ou, de non o haber, calquera outro documento que permita acreditar a terminación da obra.

☐ 4.-Fotografía do edificio completo, realizada en cor e a tamaño 10 x 15 centímetros (se o edificio ten máis dunha fachada, achegarase unha fotografía de cada unha das fachadas).

☐ *Marque este recadro se, ademais de en papel, a fotografía ou as fotografías se presentasen en soporte informático en formato GIF, JPG, BMP ou semellante.*

☐ 5.-Plano de localización, indicando o nome da localidade, da rúa e do número, representado preferentemente sobre a cartografía catastral obtida na Oficina Virtual do Catastro.

☐ *Marque este recadro se o plano se presentase en soporte informático en formato DXF, DGN, DWG ou semellante.*

☐ 6.-Plano da parcela, con cotas e superficies e coa indicación da escala, representado preferentemente sobre a cartografía catastral obtida na Oficina Virtual do Catastro.

☐ *Marque este recadro se o plano se presentase en soporte informático en formato DXF, DGN, DWG ou semellante.*

☐ 7.-Planos con cotas, por cada unha das plantas do edificio con distinta distribución, de acordo coa obra realmente executada. Nestes planos representarase cada un dos locais con uso diferenciado (vivenda, garaxe, almacén, etc.), con expresión das superficies construídas.

☐ *Marque este recadro se os planos se presentasen en soporte informático en formato DXF, DGN, DWG ou semellante.*

☐ 8.-Memoria de materiais e calidades do proxecto executado.

☐ 9.-Documentación acreditativa do custo de execución material das obras.

*A documentación prevista nestes parágrafos pode substituírse por un certificado do secretario municipal ou dunha persoa que teña atribuídas as funcións de fe pública, comprensivo desta información, ou por calquera outro medio de proba admitido en dereito que sexa suficiente para a súa acreditación, de conformidade co artigo 24 do Real decreto 417/2006 do 7 de abril.*

**No caso de que non conste a referencia catastral do inmoble ou dos inmobles afectados pola declaración no documento que acredite a alteración:**

☐ 10.-Certificación catastral electrónica obtida a través da Oficina Virtual do Catastro (http://ovc.catastro.meh.es) ou certificación catastral ou calquera outro documento expedido polo xerente ou polo subxerente do Catastro nos que conste a referencia catastral, ou fotocopia do último recibo xustificante do pagamento do imposto sobre bens inmobles.

**No caso de división horizontal:**

☐ 11.-Orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, do documento acreditativo da división horizontal.

☐ 12.-Nos planos sinalados no punto 7, a distribución dos locais representados coincidirá coa descrición existente na división horizontal. Así mesmo, representaranse graficamente os espazos correspondentes a todos os elementos comúns con expresión das superficies construídas.

☐ 13.-Orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, do documento público acreditativo da adscrición ao uso e ao beneficio exclusivo e permanente dun titular dos rochos e/ou prazas de garaxe, de ser o caso.

☐ 14.-Plano a escala descritivo da distribución dos rochos e das prazas de estacionamento sinalados no punto 13, de ser o caso, e cadro de superficies construídas que se lles asigne.

☐ *Marque este recadro se o plano se presentase en soporte informático en formato DXF, DGN, DWG ou semellante.*

**No caso de que o edificio sexa de protección oficial ou de rehabilitación protexida:**

☐ 15.-Orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, da cédula de cualificación definitiva.

**No caso de modificación do titular catastral por adquisición da propiedade:**

☐ 16.-Orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, do documento que acredite a adquisición da propiedade, ben sexa escritura pública, contrato privado, sentenza xudicial, certificación do rexistro da propiedade ou outros.

☐ 17.-Orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, do libro de familia ou de calquera outro documento que acredite a existencia do matrimonio, como certificado do rexistro civil, etc. (cando a adquisición se realizase en común polos cónxuxes, e o documento en que se formalizase a adquisición non acredite tal condición).

**No caso de que o declarante actúe como representante do obrigado a declarar:**

☐ 18.-Documento acreditativo da representación.

**-Para calquera aclaración que precise pode:**

- **Chamar á LIÑA DIRECTA DO CATASTRO**

**902 37 36 35**

**De luns a venres, das 9 ás 19 horas das 8 ás 18h nas Illas Canarias.**

- **Consultar a páxina Web do Catastro (www.catastro.meh.es)**